

SVV/dc

EXPEDIENTE	2025062381
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 5/2026
TRAMITE	PROPOSTA DE TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

A xefa do Servizo de Benestar Social, en relación á planificación orzamentaria do mesmo, emite o seguinte informe:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, está desenvolvendo durante os exercicios 2025-2026 unha liña de subvencións dirixida a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro co fin de promover a construción, rehabilitación, ampliación e reforma dos seus centros e locais, convocatoria que foi publicada no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra Núm. 241, do mércores 17 de decembro de 2025, baixo a denominación “*Convocatoria e bases de subvencións para a realización de obras en instalacións das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro nos anos 2025 e 2026*”.

A finalidade desta convocatoria é a promoción da mellora, adecuación e modernización dos inmobles destinados ao desenvolvemento de actividades de interese social, impulsando intervencións orientadas tanto á mellora das condicións de conservación e funcionalidade dos edificios como a eficiencia enerxética, a seguridade de uso e a accesibilidade universal, en consonancia cos estándares normativos vixentes e cos principios de sustentabilidade, inclusión e calidade na prestación dos servizos sociais.

A contía prevista para esta convocatoria, con cargo á aplicación orzamentaria 26/231.2311.789.00.2025 do orzamento xeral da Deputación, ascende a 600.000,00 euros.

A posta en marcha desta iniciativa, e a conseguinte tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da mesma, revelaron tanto a necesidade latente das entidades de iniciativa social como a boa acollida desta liña de subvencións, constatándose que o número de solicitudes que compren os requisitos definidos nas bases superan a dispoñibilidade orzamentaria inicialmente prevista polo que, co obxectivo de atender ao maior número posible de entidades beneficiarias, se considera necesario incrementar o crédito consignado para esta finalidade, sendo así que o crédito dispoñible na indicada aplicación orzamentaria non conta con crédito suficiente, polo que resulta precisa a tramitación dun suplemento de crédito.



A insuficiencia de crédito responde, pois, a unha maior demanda da inicialmente estimada, o cal non puido preverse con maior exactitude na fase de elaboración do orzamento e das bases da convocatoria, sendo así que a relevancia social destas axudas e o interese suscitado polas mesmas fan que resulte necesario habilitar un suplemento de crédito a fin de atender a totalidade -ou o maior número posible- de solicitudes presentadas e que compren cos requisitos.

Ascendendo o crédito inicial a 600.000,00 euros, se propón unha modificación orzamentaria á alza por importe de 203.000,00 euros co carácter de suplemento de crédito.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

De conformidade co artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os suplementos de crédito teñen por obxecto atender gastos específicos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, cando o crédito consignado sexa insuficiente.

O artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, define os suplementos de crédito como aquelas modificacións do orzamento de gastos nos que, concorrendo as mesmas circunstancias que no crédito extraordinario, o crédito previsto resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación (Artigo 158.1 LRHL).

Considerando o exposto, PROPONSE

-A tramitación dunha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito por importe de 203.000,00 euros na seguinte aplicación orzamentaria:

MODIFICACIÓN	APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
Suplemento crédito	231.2311.789.00	Bases para a realización de obras en instalacións das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro nos anos 2025 e 2026	803.000,00 euros

Asinado dixitalmente á marxe



MAG/sgf

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2026 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

1.- SUPLEMENTAR O CRÉDITO DOS PROGRAMAS +AQUA 2026, PROVINCIA 2026 E +NOVAQUA 2026 E DO PROGRAMA +AQUA 2026 PARA FACER FRONTE AS SÚAS RESPECTIVAS NECESIDADES

Mediante os acordos da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial 34.35910, 32.35908 e 33.35909 da sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025, aprobáronse as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (+AQUA 2026), as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Plan provincia comunitaria 2026) e “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026)” respectivamente, todas elas publicadas no BOPPO número. 1, do 02 de xaneiro de 2026.

O Plan +AQUA 2026 e o Plan provincia comunitaria 2026 estaban dotados inicialmente con 1.440.000,00 euros cada un. No caso do programa +NOVAQUA 2026 o orzamento inicial era de 360.000,00 euros.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e examinada a documentación achegada, comprobouse que o número e importe das solicitudes que cumpren os requisitos establecidos nas convocatorias dos programas +AQUA 2026, Plan Provincia Comunitaria 2026 e +NOVAQUA 2026 exceden o crédito inicialmente consignado, resultando este insuficiente para atender todas aquelas que reúnen as condicións exixidas para ser beneficiarias das axudas.

Por tratarse de bens e servizos esenciais, cómpre adoptar as medidas necesarias para garantir a cobertura da maior cantidade posible de solicitudes que cumpren os requisitos establecidos nas respectivas bases reguladoras. A ampliación do crédito dispoñible permitirá atender con eficacia as necesidades prioritarias das comunidades, contribuíndo ao fortalecemento da acción comunitaria e á correcta xestión das traídas de augas veciñais, ao tempo que reflicte o compromiso da Deputación coa cohesión social e o benestar colectivo.

Visto o artigo 177 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista crédito suficiente no orzamento da Corporación, o presidente da mesma ordenará a incoación do expediente de suplemento de crédito.

En consecuencia, no que atinxe á cuantificación da ampliación de crédito dos programas de Acción comunitaria, en base ao número de solicitudes recibidas e que se prevé que poidan cumprir a totalidade dos requisitos de subvencionabilidade esixidos, estímase que sería necesario **suplementar con 3.950.000,00 euros** as aplicacións de ditos programas para conseguir atender todas as peticións subvencionables, tal e como se detalla a continuación:



Programa	Contía inicial	Ampliación	Total	Aplicación
+AQUA 2026	1.440.000,00 €	2.240.000,00 €	3.680.000,00 €	2026/942.4590.789.07
PROVINCIA 2026	1.440.000,00 €	1.700.000,00 €	3.140.000,00 €	2026/942.4590.789.07
+NOVAQUA 2026	360.000,00 €	10.000,00 €	370.000,00 €	2026/942.4590.489.07
	3.240.000,00 €	3.950.000,00 €	7.190.000,00 €	

Por todo o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026, determínase a necesidade de:

1. Dotar con 3.950.000,00€ as aplicacións orzamentarias 2026/942.4590.789.07 e 2026/942.4590.489.07 do seguinte xeito:

Programa	Ampliación	Aplicación
+AQUA 2026	2.240.000,00 €	2026/942.4590.789.07
PROVINCIA 2026	1.700.000,00 €	2026/942.4590.789.07
+NOVAQUA 2026	10.000,00 €	2026/942.4590.489.07
	3.950.000,00 €	

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do Servizo de Cooperación, Marcos Areán González

Conforme, o deputada delegada da Área de Acción Comunitaria, Javier Tourís Romero



MAG/cc

ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE DOTAR CRÉDITO POR IMPORTE DE 74.107,81 EUROS, DENTRO DO PROXECTO DE GASTO 2610005 "RIBEIRAS VIVAS" NO EXERCICIO 2026

Para facer fronte ás necesidades de financiamento das actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

DOTAR CRÉDITO, 74.107,81 €, REPARTIDO ENTRE AS APLICACIÓNS 942-1708-120.51, 942-1708-120.53, 942-1708-121.51, 942-1708-121.52, 942-1708-160.00, 942-1708-220.00, 942-1708-226.06, 942-1708-226.02, 942-1708-227.06, 942-1708-230.20, 942-1708-231.20 E 942-1708-652.09 PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "RIBEIRAS VIVAS: RESTAURACIÓN AMBIENTAL, MOBILIDADE SOSTIBLE E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL DO RÍO MIÑO", DURANTE O EXERCICIO 2026.

O proxecto "RIBEIRAS VIVAS: Restauración ambiental, mobilidade sostible e promoción do patrimonio material e inmaterial do río Miño" foi aprobado no marco da 8ª convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

O obxecto do proxecto é contribuír á restauración ambiental e valorización do ecosistema fluvial do río Miño, fomentar a mobilidade sostible e reforzar a promoción do patrimonio material e inmaterial compartido entre Galicia e o Norte de Portugal, mediante actuacións de cooperación transfronteiriza orientadas ao desenvolvemento sostible do territorio.

O orzamento correspondente á anualidade 2026 para a Deputación de Pontevedra ascende a un total de 296.431,25 euros, dos cales a axuda FEDER ascende a 222.323,44 euros e a financiación propia da Deputación de Pontevedra ascende a 74.107,81 euros.

Coste total subvencionable 2026	Axuda FEDER 2026	Financiación propia Deputación 2026
296.431,25 €	222.323,44 €	74.107,81 €

Neste marco, solicítase a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para dotar crédito polo importe de 74.107,81 euros ás aplicacións orzamentarias do proxecto de maneira proporcional, correspondendo dita contía á achega propia da Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.



CONCLUSIÓN:

Por todo o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2026, determínase a necesidade de:

1. Dotar crédito por importe de 74.107,81 euros as seguintes aplicacións orzamentarias para financiar a achega propia da Deputación de Pontevedra ao proxecto "RIBEIRAS VIVAS: RESTAURACIÓN AMBIENTAL, MOBILIDADE SOSTIBLE E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL DO RÍO MIÑO" durante o exercicio 2026".

APLICACIÓN	DETALLE	2026 DEPO (25%)	2026
942-1708-120.51	Soldo func. interinos sen praza (RIBEIRAS_VIVAS)	2.748,28 €	10.993,13 €
942-1708-12053	Paga extra func. interinos sen praza (RIBEIRAS_VIVAS)	499,69 €	1.998,75 €
942-1708-121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (RIBEIRAS_VIVAS)	1.998,75 €	7.995,00 €
942-1708-121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (RIBEIRAS_VIVAS)	1.998,75 €	7.995,00 €
942-1708-160.00	Seguridade Social(RIBEIRAS_VIVAS)	2.748,28 €	10.993,13 €
942-1708-220,00	MATERIAL DE OFICINA (RIBEIRAS_VIVAS)	265,31 €	1.061,25 €
942-1708-226.06	XORNADAS, CURSOS E FORMACIÓN (RIBEIRAS_VIVAS)	1.061,25 €	4.245,00 €
942-1708-226.02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA (RIBEIRAS_VIVAS)	2.450,00 €	9.800,00 €
942-1708-227.06	ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS (RIBEIRAS_VIVAS)	22.050,00 €	88.200,00 €
942-1708-230.20	Axudas de custo (RIBEIRAS_VIVAS)	315,00 €	1.260,00 €
942-1708-231.20	Locomoción (RIBEIRAS_VIVAS)	472,50 €	1.890,00 €
942-1708-652.09	Investimentos xestionados para Concellos (RIBEIRAS_VIVAS)	37.500,00 €	150.000,00 €
TOTAL		74.107,81 €	296.431,25 €

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

SR. INTERVENTOR



EXPEDIENTE	2026046338
ASUNTO	M.C. 05/2026, EXPEDIENTE DE M. CRÉDITOS: CREDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE TURISMO

O servizo de *Turismo Rías Baixas* da Deputación de Pontevedra desenvolve a promoción dos recursos e infraestruturas turísticas do destino *Rías Baixas*. Entre as liñas de actuación destaca a de conseguir e manter un sector turístico competitivo, de calidade e accesible, e da transcendencia na implantación de medidas de promoción e fomento mediante a posta en valor dos recursos singulares como medio para desestacionalizar a demanda. Así mesmo, prevese reforzar estas medidas mediante a concesión de subvencións e axudas para aqueles colectivos, entidades e empresas que aposten pola modernización e a mellora das actividades turísticas da provincia de Pontevedra.

ENTROIDO DE COBRES CONCELLO DE VILABOA

A Deputación de Pontevedra subvenciona a celebración das Festas declaradas de Interese Turístico Nacional e Internacional mediante axudas específicas e convenios orientados a respaldar os festexos que contan con esta distinción, considerándoos recursos estratéxicos para a promoción da identidade cultural e o turismo.

A *Secretaría de Estado de Turismo* ven de declarar o *Entroido de Cobres*, en Vilaboa, *Festa de Interese Turístico Nacional*, en recoñecemento á súa antigüidade e continuidade ó longo do tempo, a orixinalidade dos traxes das personaxes, a recuperación da danza e rituais culturais e á diversidade coa que conta esta celebración.

En consecuencia, resulta procedente a utilización da figura da subvención nominativa como instrumento de financiamento adecuado para a financiación do Entroido de Cobres do Concello de Vilaboa C.I.F. nº P3605800F.

Á vista do exposto, considérase procedente:

- A aprobación dun crédito extraordinario por importe de 7.000,00 €, financiado con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4320.462.04 (*Subvencións a Entidades Locais - Festas*).
- A modificación do Anexo II das Bases de Execución do Orzamento para a incorporación da correspondente subvención nominativa.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	ENTIDADE	C.I.F.
26/433.4320.462.04 (<i>Subvencións a Entidades Locais - Festas</i>)	7.000,00 €	Entroido de Cobres	Concello de Vilaboa	P3605800F





FESTIVAL SERIES RÍA DE VIGO

A *Asociación Cultura Imaxinativa* con C.I.F. G27650944 é unha entidade sen ánimo de lucro adicada á promoción e organización de actividades culturais e audiovisuais, principalmente na zona sur da provincia de Pontevedra. En cumprimento destes fins, actualmente están a impulsar a segunda edición do “*Festival Internacional de Series Ría de Vigo*”, un evento que se está a consolidar como unha iniciativa de referencia no panorama audiovisual provincial pola súa capacidade para reunir profesionais do sector, achegar ao público contidos audiovisuais de calidade e contribuír á promoción cultural, turística e económica do territorio.

O Servizo de Turismo Rías Baixas considera de especial interese a celebración deste evento pola súa contribución á promoción turística e audiovisual da provincia de Pontevedra, en consonancia cos obxectivos de Rías Baixas Film Commission de impulsar o territorio como destino para producións audiovisuais, fomentar a visibilidade dos seus recursos e fortalecer a vinculación entre a actividade audiovisual, a promoción turística e o desenvolvemento económico local.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	ENTIDADE	C.I.F.
26/433.4320.487.01 <i>(Actividades de fomento-eventos turísticos)</i>	6.000,00 €	Festival de Series Ría de Vigo	<i>Asociación Cultura Imaxinativa</i>	G27650944

GALA DE PREMIOS LA ALACENA ROJA

La Alacena Roja S.L. con C.I.F. B94072212 ten previsto levar a cabo, este ano 2026 a Gala *da Revista Alacena Roja*. Este evento adoita ser un encontro que inclúe a entrega de premios a “Os mellores” do ano en curso. O aniversario da Alacena Roja é un encontro para o sector que xa se converteu en todo un clásico no calendario anual. Non en balde, en cada un dos aniversarios da revista a afluencia de representantes dos sectores gastronómico e turístico de Galicia foi crecendo paulatinamente, así como a colaboración de empresas e entidades que participan neste evento.

O Servizo de Turismo Rías Baixas considera de especial interese a celebración deste evento pola súa contribución á promoción turística da provincia de Pontevedra.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	ENTIDADE	C.I.F.
26/433.4320.479.01 <i>Otras subvencións a empresas privadas Turismo</i>	5.000,00 €	Gala La Alacena Roja	<i>La Alacena Roja S.L.</i>	B94072212





CONGRESO NACIONAL DE CAMPINGS

A *Federación Española de Cámpings* con C.I.F. V28712115, é unha organización empresarial sen ánimo de lucro e de ámbito nacional que representa ó sector dos campings dende o ano 1.977.

O Congreso que a entidade ten previsto levar a cabo en Baiona neste ano 2026 é unha cita de referencia que reúne a 300 profesionais do sector do camping de toda a xeografía española, no que se tratan as temáticas máis importantes e de actualidade. Constitúe un punto de encontro e networking entre os principais axentes do camping e do aloxamento turístico ó aire libre.

O Servizo de Turismo Rías Baixas considera de especial interese a celebración deste evento pola súa contribución á promoción turística da provincia de Pontevedra.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	ENTIDADE	C.I.F.
26/433.4320.487.01 <i>(Actividades de fomento-eventos turísticos)</i>	6.000,00 €	Congreso da Federación Española de Cámpings	<i>Federación Española de Cámpings</i>	V28712115

FEIRA ETIQUETA NEGRA

A empresa *OVO PUBLICIDADE S.L.* con CIF B36416410 desenvolve para este ano 2026 unha nova edición da *Feira Etiqueta Negra*. Gourmet galego e innovación inspiradora é unha feira que abre as súas portas a un público cada vez máis especializado e esixente, que se informa para coñecer o que está a consumir, que lle gusta probar sabores e experimentar texturas novas. Empresas, profesionais e público en xeral poden expoñer, coñecer, probar e testar os produtos galegos que despuntan pola súa calidade e excelencia, os máis innovadores, os que marcan tendencias.

A feira contribúe á promoción da gastronomía galega como recurso turístico estratéxico, reforzando o posicionamento das Rías Baixas como destino gastronómico de referencia e favorecendo a visibilidade do tecido empresarial vinculado ao turismo e á alimentación.

O Servizo de Turismo Rías Baixas considera de especial interese a celebración deste evento pola súa contribución á promoción turística da provincia de Pontevedra.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	ENTIDADE	C.I.F.
26/433.4320.479.01 <i>Outras subvencións a empresas privadas Turismo</i>	15.000,00 €	Feira Etiqueta Negra	<i>OVO PUBLICIDADE S.L.</i>	B36416410



GASTROMOVIDA

A empresa *PEPITA-TERY PRODUCCIONES SL* con CIF B27742105, prevé levar a cabo este ano 2026 a actividade *Gastro Movida*, un congreso experiencial que pon en valor a gastronomía de Galicia, o turismo e o Camiño de Santiago. Trátase dun punto de encontro para crear sinerxías e reivindicar produto de proximidade, mar e terra de Galicia, innovación, talento e persoas, e tecido empresarial de toda a súa cadea de valor. Hostalaría, produtores, distribuidores, axencias, touroperadores e profesionais doutras áreas expertos no sector teñen cabida nun congreso que promove por encima de todo o networking real..

O Servizo de Turismo Rías Baixas considera de especial interese a celebración deste evento pola súa contribución á promoción turística da provincia de Pontevedra.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO	ENTIDADE	C.I.F.
26/433.4320.479.01 <i>Outras subvencións a empresas privadas Turismo</i>	3.000,00 €	Gastromovida	PEPITA-TERY PRODUCCIONES SL	B27742105

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse as modificacións de crédito sinaladas, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

RESUMO MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 433- TURISMO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
26/433-4320-462.04	SUBVENCIONS A E. LOCAIS (FESTAS)_TURISMO	210.000,00 €	
P3605800F	Concello de Vilaboa	7.000,00 €	Entroido de Cobres, Festa de Interese Turístico Nacional,
26/433-4320-479.01	OUTRAS SUBVENCIONS A EMPRESAS PRIVADAS_TURISMO	98.000,00 €	
04072212	La Alacena Roja S.L.	5.000,00 €	Gala La Alacena Roja
B36416410	OVO PUBLICIDADE S.L	15.000,00 €	Feira Etiqueta Negra
B27742105	PEPITA-TERY PRODUCCIONES SL	3.000,00 €	Gastromovida
26/433-4320-487,01	ACHEGAS PARA EVENTOS SINGULARES DE INTERÉS TURÍSTICO	35.000,00 €	
G27650944	Asociación Cultura Imaxinativa	6.000,00 €	Festival de Series Ría de Vigo
V28712115	Federación Española de Cámpings	6.000,00 €	Congreso da Federación Española de Cámpings

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

